



MÉRCORES, 24 DE ABRIL DE 2024 MIÉRCOLES, 24 DE ABRIL DE 2024 | BOP NÚMERO 80

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILARMAIOR

Secretaría - Intervención

Aprobación padrón fiscal taxa pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e de lecer, abril 2024

ANUNCIO

Aprobación de padrón fiscal

Mediante Decreto da Alcaldía de data do 19 de abril de 2024 aprobase o padrón fiscal da taxa pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e de lecer, correspondentes ao mes de abril de 2024, por importe de 1.188 euros, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo o padrón estará a disposición dos interesados a efectos de reclamacións. Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas a este, os contribuíntes e, en xeral, os interesados, poderán interpor os seguintes recursos:

1.- Reposición, perante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se no prazo dun mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

2.- Contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde a súa interposición, se non o fose.

3.- Poderá interporse calquera outro recurso que os interesados consideren oportuno.

Vilarmaior, 19 de abril de 2024.

O ALCALDE,

Carlos Vázquez Quintián

2024/2678